



**Acordo do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Carboal, no concello de Dumbría (A Coruña) (exppte. IN408A 2024/002).**

En cumprimento do disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/Promotor: **EDP Renovables España S.L.U.** (NIF: B-91115196).

Enderezo social: Parque Emp. Adequa. Avda. de burgos 89 edificio 1 módulo A-B Madrid

Enderezo a efectos de notificacións: Rúa Amio, 114 – Parque Emp. Costa Vella,  
15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: **Parque eólico Carboal.**

N.º expediente: **IN408A 2024/002.**

Concellos afectados: **Dumbria** (A Coruña)

Potencia a instalar: **19,8 MW ( 4 aeroxeradores de 4,95 MW).**

Potencia autorizada/evacuable: **19,8 MW.**

Produción neta anual: **70.483,2 Mwh/ano.**

Prazo de execución: **Oito (8) meses.**

Orzamento de execución material: **18.593.003,28 €.**





### Localización (área de afección):

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico:

| Vértice Poligonal | Coordenadas UTM<br>fuso 29 ETRS89 |               |
|-------------------|-----------------------------------|---------------|
|                   | X                                 | Y             |
| 1                 | 487.586,464                       | 4.761.235,484 |
| 2                 | 487.644,259                       | 4.760.397,000 |
| 3                 | 488.046,000                       | 4.760.425,000 |
| 4                 | 488.622,724                       | 4.759.365,313 |
| 5                 | 490.050,862                       | 4.759.396,678 |
| 6                 | 492.975,635                       | 4.760.401,023 |
| 7                 | 494.545,923                       | 4.759.170,079 |
| 8                 | 494.338,857                       | 4.756.335,462 |
| 9                 | 493.116,497                       | 4.756.319,101 |
| 10                | 492.592,305                       | 4.757.293,385 |
| 11                | 493.399,317                       | 4.758.037,792 |
| 12                | 493.225,241                       | 4.758.539,967 |
| 13                | 492.332,618                       | 4.759.141,817 |
| 14                | 492.281,902                       | 4.758.572,436 |
| 15                | 490.327,576                       | 4.757.332,595 |
| 16                | 487.685,721                       | 4.757.155,904 |
| 17                | 486.540,304                       | 4.757.686,546 |
| 18                | 487.453,404                       | 4.759.350,384 |
| 19                | 487.253,839                       | 4.761.235,483 |

Coordenadas dos aeroxeradores:

| Aeroxerador | Coordenadas UTM<br>fuso 29 ETRS89 |              |
|-------------|-----------------------------------|--------------|
|             | X                                 | Y            |
| CB-01       | 493.294,00                        | 4.757.109,00 |
| CB-02       | 493.606,00                        | 4.756.736,00 |
| CB-03       | 488.872,00                        | 4.758.063,00 |
| CB-04       | 488.140,00                        | 4.757.976,00 |





Coordenadas da torre meteorolóxica:

| Torre Meteorolóxica | Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89 |              |
|---------------------|--------------------------------|--------------|
|                     | X                              | Y            |
| TM-AC               | 493.270,00                     | 4.756.534,00 |

Coordenadas da subestación:

| Vértices Subestación | Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89 |              |
|----------------------|--------------------------------|--------------|
|                      | X                              | Y            |
| A                    | 491.595,83                     | 4.758.832,53 |
| B                    | 491.635,18                     | 4.758.790,53 |
| C                    | 491.633,20                     | 4.758.783,59 |
| D                    | 491.591,00                     | 4.758.742,07 |
| E                    | 491.548,12                     | 4.758.787,84 |

### Características técnicas da instalación:

- Catro (4) aeroxeradores tripá, modelo Vestas V162-5,6MW, limitado a 4,95 MW de potencia nominal unitaria, con velocidade e paso variable, altura de buxa de 119 metros e diámetro de rotor de 162 metros.
- Catro (4) centros de transformación montados en base de cada aeroxerador, de potencia unitaria de 5.600 kVA e relación de transformación de 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección.
- Unha torre meteorolóxica de medición de 119 metros.
- Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación ST Paxareiras II (30/66 kV), composta por dous circuitos con condutores tipo XLPE Al 18/30 kV, de diferentes seccións: un circuito para conectar os aeroxeradores CB-01 e CB-02 e outro para os aeroxeradores CB-03 e CB-04.
- Rede de terras xeral con condutor de cobre nu soterrado de sección mínima de 50 mm<sup>2</sup>, de modo que os aeroxeradores e a subestación onde tamén se localiza o centro de control do parque eólico forman un conxunto equipotencial.





- Ampliación da Subestación Paxareiras II, propiedade de AV Paxareiras, S.L.U., na que se engadirá un transformador en intemperie, trifásico, en baño de aceite, de potencia 15/20 MVA ONAN/ONAF, relación de transformación 30/66 kV para elevar a tensión do parque eólico. A distribución da ampliación da subestación se proxecta do seguinte modo:
  - Sistema de 66 kV en intemperie dotado dunha posición de liña para o mencionado transformador, xunto coa súa aparamenta asociada de seccionamento, manobra, medida e protección.
  - Sistema de 30kV en intemperie equipado con unha reactancia de posta a terra, transformador de servizos auxiliares de 100 kVA e pararraios.
  - Sistema interior de 30kV coa seguinte configuración: 2 posicións de liña para a conexión dos aeroxeradores, 1 posición para o transformador de potencia, 1 posición de reserva, 1 posición para o transformador de servizos auxiliares, 1 posición de medida e 1 posición para a batería de condensadores.
  - Un edificio prefabricado que albergará o centro de control, a área de comunicacións, as celas de media tensión e o grupo electrógeno
- Finalmente, a enerxía xerada evacuarase a través dunha liña aéreo-soterrada de 66 kV ata a SET Colectora A Lagoa 66/220kV. Nesta instalación elevarase a tensión para, a través dunha liña de 220kV, alcanzar o punto de conexión á rede na SET Regoelle 220kV. Estas instalacións de evacuación conxunta, non pertencen ao alcance do presente proxecto.

### **Obxecto da información pública:**

O proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental (EIA) correspondente ao parque eólico Carboal, localizado no concello de Dumbría, de acordo co establecido na normativa vixente de aplicación.

### **Documentación que se expón:**

1. O proxecto "Parque eólico Carboal 19.8MW: Modificado Sustancial del Proyecto de Ejecución" (asinado o 27.11.2025).





2. O estudo de impacto ambiental (EIA) "Modificado sustancial del Estudio de Impacto Ambiental relativo al Parque Eólico Carboal" (asinado o 24.11.2025).

Polo exposto, faise público para o coñecemento xeral e para que se poida examinar a documentación técnica anteriormente relacionada, e no seu caso, presentar as alegacións ou observacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste Acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co artigo 33.10 da citada Lei 8/2009, do 22 de decembro.

A documentación estará a disposición para a súa consulta nas dependencias do servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, teléfonos 981 184982 e 981 184983), de luns a venres das 9:00 as 14:00 horas, así como na casa do concello de Dumbria (A Coruña). Así mesmo, tamén poderase consultar no portal web desta Consellería a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

A directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Mª Pilar Arias Graña

